




# ONDE MÁIS DOE

**N**unha primeira lectura a poética de Medos Romero, (Somedo-As Pontes, 1959), destila unha fonda enxebreza, o que non ten que ver, moito me amola reivindicar o óbvio

ou aquilo que debiera selo, con enxebre no senso pexoractivo que ten acadado esta palabra. E cando digo enxebreza chouta a consonancia pureza, e aquí xa vou entrando na estrada transitada por Novoneyra (do Courel a Compostela, e non semella mal percorrido este), certo Manuel María, e logo, despois, Darío Xohán Cabana ou Xosé Vázquez Pintor ou, xa máis pertiño de nós, Olga Novo ou Lupe Gómez. E —naturalmente— Medos Romero, habitante aínda dunha aldea nada global, que teima resistir cun léxico

**“Na súa poesía hai epopea pura e dura, desexos de ecoar un tempo que segue tinguido de sangue”**

fortísimo de puro sinxelo e apegado á terra, unha aldea —en fin— que ten naipes pouco doados para vencer nunha partida polo demais truçada na que a poesía telúrica ten que seguir sendo, ou ser máis que nunca, tendencia, belixerancia,



constancia.

Isto nun primeiro achegamento á poesía de Medos Romero, quen se move —e xa entramos en materia ou posicionamento segundo— nunha poética total desde o seu entañamento no universo dorido polo que vamos indo, tantas veces alleos ou perplexos polo exceso de información que subministra, agora si, a chamada aldea global.

E esa poética da totalidade que practica Medos Romero xorde nidia en “O pozo da ferida” (Deputación Provincial de A Coruña, A Coruña, 2006), Premio de Poesía Miguel González-Garcés, achegamento consumado ao mundo das mulleres que siguen a loitar por deixar de ser eses animalíños de carga (e descarga) dos machos que zorregan nos seus lombos cos látegos que o tempo e a xeografía andan a dispor nas súas mans. Desta maneira este “pozo da ferida” verque, reverque e resoa en todo o mundo, na África da ablación do citore, nas femias asasinadas masivamente en México, nos puteríos todos, do Norte ao Sur pasando polo Pombal, nome tristemente irónico para tanta desventura ben pouco volátil. Hai tamén neste libro, nada dixestivo senón pola súa melancolía vigorosa de balada versátil e dinamicamente lírica, violacións e sevicias, que ás veces levan —de novo— ás facianas máis cruentas da nosa aldea, e teimo en que non se confunda a épica coa lírica. E aínda que dea escrito baladas, en Medos Romero, na súa poesía, hai epopea pura e dura,

Medos Romero

## O POZO DA FERIDA



Premio de Poesía  
Miguel González-Garcés - 2006

### “O pozo da ferida”

Medos Romero

Deputación Provincial da Coruña

desexos de ecoar un tempo que si- gue tinguido de sangue.

Por suposto que nada disto levaría a ningures se non fose porque Medos Romero escribe ou testemuña tanta dureza desde o escintileo dun brillo dinámico, tan aceirado como a temática que desena ou berra. E é que nos poemas de pequeno formato da autora de Somedo hai moita sabedoría, unha grande capacidade epigramática, resolución expresiva chea de economía e uso intelixente da anáfora. Que fai que o libro, tan denso, remate onde comezara, na procura do imposible sosego —de momento— para quen máis ven sufrindo desta beira da historia. Eses seres reivindicados pola palabra implacable de Medos Romero, quen se atopa nun punto álxido que anuncia os mellores logros.